OPCIÓN B - GALEGO

INSTRUCIÓNS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DO EXAME

O **nome e apelidos** deberán figurar en **todas** as **follas** que a persoa aspirante utilice durante a realización do exame.

Lea detidamente os enunciados e as preguntas antes de responder. As respostas ilexibles non serán valoradas.

Non se permite o uso de bolígrafos borrables, lapis, portaminas nin correctores líquidos (Tipp-Ex ou similares). As correccións deberán realizarse poñendo entre paréntese o texto a anular e riscando enriba mediante unha cruz que permita identificar claramente o contido anulado.

Non se permite o uso de dispositivos electrónicos, salvo autorización expresa do tribunal.

A entrega do exame poderá realizarse unha vez transcorridos 45 minutos desde o inicio da proba. Non se permitirá a entrega do exame nin o abandono da aula durante os últimos 15 minutos do tempo establecido para a súa realización. Unha vez finalizado o exame, levante a man e permaneza no seu lugar ata que o persoal responsable lle indique o procedemento de recollida dos exercicios.

O tribunal informará periodicamente ás persoas aspirantes do tempo restante para a finalización do exame.

O exame terá unha duración de **tres horas**. Unha vez repartidos os exames se concederán 5 minutos para que as persoas aspirantes poidan decidir entre a opción A e a opción B. Durante este tempo as persoas aspirantes non poderán empezar o exame, estando prohibido escribir ata que finalice este tempo e o tribunal dea comezo ao tempo efectivo para a realización da proba.

Este tempo de cinco minutos non computa na duración de tres horas de realización do exame.

PREGUNTA 1. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

Vostede é docente de Formación e Orientación Laboral nun Centro Integrado de Formación Profesional de Galicia. Un alumno do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos superou as prácticas en empresa do ciclo e foi convocado para unha entrevista nun concesionario oficial dunha marca de alta gama. O alumno pídelle axuda porque a empresa utiliza técnicas de selección avanzadas. Como parte do seu labor de orientación, debe preparalo para responder cuestións técnicas sobre o perfil do posto e para afrontar unha entrevista por competencias.

Como docente, vostede debe guiar o alumno resolvendo os seguintes puntos:

	CUESTIÓNS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
a)	Que é unha entrevista por competencias?	**0,75**
b)	Defina en que consiste o método STAR na selección de persoal e indique o significado das súas siglas.	**0,75**
c)	Adestre o seu alumno axudándoo a construír unha resposta seguindo a metodoloxía STAR para a seguinte pregunta: "Fálame dunha situación específica na que un cliente quedou moi insatisfeito cunha reparación electromecánica que realizaches". Que fixeches para xestionar a súa frustración e como rematou o caso?	**1**

PREGUNTA 2. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

A empresa Itinerarios S.A. dedícase á xestión e organización de viaxes e eventos para particulares e empresas. O ano pasado obtivo os seguintes resultados:

- Ingresos por vendas: 500.000 €
- Custos variables: 350.000 €
- Custos fixos: 250.000 €
- Perda neta: -100.000 €

Partindo da premisa de que os seus custos variables representan a mesma porcentaxe sobre as vendas, calcule:

	CUESTIÓNS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
a)	O volume de vendas que permita alcanzar o punto morto cando os custos fixos aumentan en 100.000 euros. Comprobe o resultado	**1,25**
b)	O volume de vendas, co incremento anterior de 100.000 euros nos custos fixos, para obter un beneficio de 50.000 euros. Comprobe o resultado	**1,25**

PREGUNTA 3. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

A empresa INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS S.L., dedicada ao desenvolvemento de software empresarial, conta cun cadro de persoal de 150 traballadores. Durante os dous últimos exercicios a empresa iniciou un proceso de reorganización co obxectivo de reducir custos de estrutura e optimizar o uso das súas instalacións.

Segundo a memoria organizativa elaborada pola dirección:

- O grao medio de ocupación das oficinas sitúase no 42 %.
- Os custos de alugueiro e mantemento das instalacións aumentaron un 15 %.
- A implantación de novas ferramentas dixitais permite realizar a maioría das tarefas sen necesidade de presenza física continuada.

Como consecuencia diso, a empresa decide implantar un modelo xeneralizado de traballo a distancia.

Laura, analista informática con contrato indefinido desde 2018, viña prestando servizos de forma totalmente presencial. En abril de 2026 recibe por escrito unha comunicación empresarial na que se lle informa de que, a partir do mes seguinte:

1. Deberá prestar servizos catro días á semana mediante traballo a distancia e unicamente acudirá un día á semana ao centro de traballo.
2. A empresa facilitaralle un ordenador portátil e un teléfono móbil corporativo.
3. Non se prevé ningunha compensación económica polos gastos derivados do traballo a distancia ao considerar que o aforro en desprazamentos compensa os posibles custos domésticos.
4. Implantarase un software que rexistrará o tempo de conexión e realizará capturas automáticas de pantalla cada dez minutos.
5. Os traballadores deberán manter activada a cámara durante as reunións virtuais.
6. A empresa poderá acceder remotamente aos dispositivos corporativos para verificar o cumprimento das obrigas laborais.

Ademais:

- Laura ten recoñecida unha adaptación de xornada para o coidado dunha filla de sete anos.
- O comité de empresa manifesta non ter sido informado nin consultado previamente sobre a implantación do novo sistema.
- Laura oponse expresamente ao cambio e manifesta a súa vontade de continuar prestando servizos de forma presencial.

	CUESTIÓNS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a)	Analice xuridicamente a decisión empresarial de impoñer a Laura a prestación de servizos en réxime de traballo a distancia.	**0,625**
b)	Analice xuridicamente a decisión empresarial relativa á entrega de medios tecnolóxicos e á ausencia de compensación económica polos gastos derivados do traballo a distancia.	**0,625**
c)	Analice a legalidade das medidas de control implantadas pola empresa.	**0,625**
d)	Analice a relevancia xurídica da falta de información ao comité de empresa e da situación de conciliación familiar de Laura.	**0,625**

PREGUNTA 4. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

A empresa METALGAL, S.L., dedicada á fabricación de estruturas metálicas, conta con 140 traballadores. Tras unha visita da Inspección de Traballo detéctanse as seguintes circunstancias:

1. A avaliación de riscos non se actualizou desde a incorporación de nova maquinaria hai tres anos.
2. O persoal de nova incorporación non recibe formación preventiva específica.
3. A empresa pretende constituír un Servizo de Prevención Mancomunado con outra empresa do mesmo grupo empresarial situada no mesmo polígono industrial sen consultar previamente as persoas delegadas de Prevención.
4. Nos postos de traballo existen riscos derivados da exposición ao ruído e da manipulación manual de cargas.

A dirección solicítalle un informe sobre a situación que conteña os seguintes puntos:

	CUESTIÓNS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a)	Identifique as infraccións preventivas existentes e a normativa vulnerada.	**1**
b)	Analice a viabilidade de constituír un Servizo de Prevención Mancomunado e as obrigas de consulta e participación que deben respectarse.	**1**
c)	Indique que especialidades preventivas deberían intervir para xestionar adecuadamente os riscos descritos.	**0,5**

OPCIÓN B – CASTELLANO

INSTRUCCIONES GENERALES PARA LA REALIZACIÓN DEL EXAMEN

El **nombre** y los **apellidos** deberán figurar en **todas** las **hojas** que la persona aspirante utilice durante la realización del examen.

Lea detenidamente los enunciados y las preguntas antes de responder. Las respuestas ilegibles no serán valoradas.

No se permite el uso de bolígrafos borrables, lápices, portaminas ni correctores líquidos (Tipp-Ex o similares). Las correcciones deberán realizarse tachando mediante una línea o cruz que permita identificar claramente el contenido anulado.

No se permite el uso de dispositivos electrónicos, salvo autorización expresa del tribunal.

La entrega del examen podrá realizarse una vez transcurridos 45 minutos desde el inicio de la prueba. No se permitirá la entrega del examen ni el abandono del aula durante los últimos 15 minutos del tiempo establecido para su realización. Una vez finalizado el examen, levante la mano y permanezca en su lugar hasta que el personal responsable indique el procedimiento de recogida de los ejercicios.

El tribunal informará periódicamente a las personas aspirantes del tiempo restante para la finalización del examen.

El examen tendrá una duración de **tres horas**. Una vez repartidos los exámenes, se concederán 5 minutos para que las personas aspirantes puedan decidir entre la opción A y la opción B. Durante este tiempo, los aspirantes no podrán comenzar el examen, estando prohibido escribir hasta que finalice este periodo y el tribunal dé comienzo al tiempo efectivo para la realización de la prueba.

Este tiempo de cinco minutos no computa dentro de la duración de tres horas de realización del examen.

PREGUNTA 1. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

Usted es docente de Formación y Orientación Laboral en un Centro Integrado de Formación Profesional de Galicia. Un alumno del Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos ha superado las prácticas en empresa del ciclo y ha sido convocado para una entrevista en un concesionario oficial de una marca de alta gama. El alumno le pide ayuda porque la empresa utiliza técnicas de selección avanzadas. Como parte de su labor de orientación, debe prepararlo para responder a cuestiones técnicas sobre el perfil del puesto y para afrontar una entrevista por competencias.

Como docente, usted debe guiar al alumno resolviendo los siguientes puntos:

	CUESTIÓNS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
a)	¿Qué es una entrevista por competencias?	**0,75**
b)	Defina en qué consiste el método STAR en selección de personal e indique el significado de sus siglas.	**0,75**
c)	Entrene a su alumno ayudándole a construir una respuesta siguiendo la metodología STAR para la siguiente pregunta: "Háblame de una situación específica en la que un cliente quedó muy insatisfecho con una reparación electromecánica que realizaste". ¿Qué hiciste para manejar su frustración y cómo terminó el caso?	**1**

PREGUNTA 2. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

La empresa Itinerarios S.A. se dedica a la gestión y organización de viajes y eventos para particulares y empresas. El año pasado obtuvo los siguientes resultados:

- Ingresos por ventas: 500.000 €
- Costes variables: 350.000 €
- Costes fijos: 250.000 €
- Pérdida neta: -100.000 €

Partiendo de la premisa de que sus costes variables representan el mismo porcentaje sobre las ventas, calcule:

	CUESTIÓNS	**PUNTUACIÓN MÁXIMA**
a)	El volumen de ventas que permita alcanzar el punto muerto cuando los costes fijos aumentan en 100.000 euros. Compruebe el resultado.	**1,25**
b)	El volumen de ventas, con el incremento anterior de 100.000 euros en costes fijos, para obtener un beneficio de 50.000 €. Compruebe el resultado.	**1,25**

PREGUNTA 3. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

La empresa INTEC S.L., dedicada al desarrollo de software empresarial, cuenta con una plantilla de 150 trabajadores. Durante los dos últimos ejercicios la empresa ha iniciado un proceso de reorganización con el objetivo de reducir costes de estructura y optimizar el uso de sus instalaciones.

Según la memoria organizativa elaborada por la dirección:

- El grado medio de ocupación de las oficinas se sitúa en el 42%.
- Los costes de alquiler y mantenimiento de instalaciones han aumentado un 15%.
- La implantación de nuevas herramientas digitales permite realizar la mayoría de las tareas sin necesidad de presencia física continuada.

Como consecuencia de ello, la empresa decide implantar un modelo generalizado de trabajo a distancia.

Laura, analista informática con contrato indefinido desde 2018, venía prestando servicios de forma totalmente presencial. En abril de 2026 recibe por escrito una comunicación empresarial en la que se le informa de que, a partir del mes siguiente:

1. Deberá prestar servicios cuatro días a la semana mediante trabajo a distancia y únicamente acudirá un día a la semana al centro de trabajo.
2. La empresa le facilitará ordenador portátil y teléfono móvil corporativo.
3. No se prevé compensación económica por gastos derivados del trabajo a distancia al considerar que el ahorro en desplazamientos compensa los posibles costes domésticos.
4. Se implantará un software que registrará el tiempo de conexión y realizará capturas automáticas de pantalla cada diez minutos.
5. Los trabajadores deberán mantener activada la cámara durante las reuniones virtuales.
6. La empresa podrá acceder remotamente a los dispositivos corporativos para verificar el cumplimiento de las obligaciones laborales.

Además:

- Laura tiene reconocida una adaptación de jornada para el cuidado de una hija de siete años.
- El comité de empresa manifiesta no haber sido informado ni consultado previamente sobre la implantación del nuevo sistema.
- Laura se opone expresamente al cambio y manifiesta su voluntad de continuar prestando servicios de forma presencial.

	CUESTIÓNS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a)	Analice jurídicamente la decisión empresarial de imponer a Laura la prestación de servicios en régimen de trabajo a distancia.	**0,625**
b)	Analice jurídicamente la decisión empresarial relativa a la entrega de medios tecnológicos y a la ausencia de compensación económica por gastos derivados del trabajo a distancia.	**0,625**
c)	Analice la legalidad de las medidas de control implantadas por la empresa.	**0,625**
d)	Analice la relevancia jurídica de la falta de información al comité de empresa y de la situación de conciliación familiar de Laura.	**0,625**

PREGUNTA 4. (Puntuación máxima: 2,5 puntos).

La empresa METALGAL, S.L., dedicada a la fabricación de estructuras metálicas, cuenta con 140 trabajadores.

Tras una visita de la Inspección de Trabajo se detectan las siguientes circunstancias:

1. La evaluación de riesgos no se ha actualizado desde la incorporación de nueva maquinaria hace tres años.
2. El personal de nueva incorporación no recibe formación preventiva específica.
3. La empresa pretende constituir un Servicio de Prevención Mancomunado con otra empresa del mismo grupo empresarial situada en el mismo polígono industrial sin haber consultado previamente a las personas delegadas de Prevención.
4. En los puestos de trabajo existen riesgos derivados de la exposición a ruido y de la manipulación manual de cargas.

La dirección le solicita un informe sobre la situación que contenga los siguientes puntos:

	CUESTIÓNS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a)	Identifique las infracciones preventivas existentes y la normativa vulnerada.	**1**
b)	Analice la viabilidad de constituir un Servicio de Prevención Mancomunado y las obligaciones de consulta y participación que deben respetarse.	**1**
c)	Indique qué especialidades preventivas deberían intervenir para gestionar adecuadamente los riesgos descritos.	**0,5**